

TAREFAS DO 4 AO 8 DE MAIO

ACTIVIDADES DE REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN DE CONTIDOS

E REMATE DE PROXECTOS EN MARCHA

3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Queridas familias:

Xa que debemos continuar con **actividades de repaso, reforzo e ampliación de contidos**, en moitas das materias véxome na obriga de preparar actividades que xa non atopamos nos libros. Quero lembrar que non é preciso imprimir estes materiais e os nenos/as que teñan ordenador ou tablet dispoñibles na casa poden visualizar as actividades na pantalla e ir escribindo as respostas no caderno correspondente. Con todo, o centro está a imprimir os documentos a aquelas familias que non podan visualizalos porque carecen dos recursos dixitais dos que estou a falar ou da conexión a internet que se precisa. En calquera caso os libros, tanto en papel como en formato dixital, poden virilles ben aos rapaces para consultar aspectos teóricos que lles faga falta lembrar, reler textos, volver a facer actividades de repaso...

Por outra banda, o prazo para participar nos **proxectos de radio e prensa** dos que vos falei a semana pasada, remata o 10 de maio; así que aqueles nenos que aínda non o fixeran, están a tempo de enviar os seus audios e as súas noticias/redaccións ou debuxos (podedes consultar as tarefas da semana pasada para lembrar as temáticas).

En relación ao envío de materiais, e vendo que algúns de vós ás veces tedes dificultades para facer chegar vídeos que pesan moito, coméntovos que existe unha ferramenta gratuíta e de uso moi sinxelo que se chama **We Transfer**: <https://wettransfer.com/>. Só hai que entrar na páxina, engadir o arquivo de vídeo, escribir o enderezo electrónico do destinatario, debaixo o voso enderezo electrónico e enviar.

Finalmente, coméntovos que a **proba desta semana do blog de 3º e 4º** está relacionada coa práctica do ioga:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/node/1539>

Xa para rematar, dicirvos que están colgados no blog os trabalinguas que enviastes para a actividade lingüístico-musical proposta hai dúas semanas. Déixovos a ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/node/1598>

Veña! Unha semana menos! Moitas grazas unha vez máis polo voso esforzo!

Mariña García San León

Titora de 3º de Educación Primaria

ACTIVIDADES DE REPASO, REFORZO E AMPLIACIÓN

Nesta ocasión, deixo todas as actividades a realizar nun mesmo documento. Fareino cando poida (xa que non sempre será posible) para evitar colgar un montón de pdfs que se sumen aos das mestras especialistas.

MATEMÁTICAS. REPASO DE LA UNIDAD 7.

Libro en papel / Libro digital.

Página 123:

- Cálculo mental: ejercicios 1, 2 y 3.
- Leer “Aclaro mis ideas”.

Página 124: ejercicios 1, 2, 5, 7, 8, 9 y 10.

Página 125: ejercicios 1, 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9, 10.

Tareas voluntarias: sección “Actividades” del libro digital. ⇒



LINGUA GALEGA. Repaso, reforzo e ampliación.

Nome: _____	Data: _____	Número: _____
-------------	-------------	---------------

Técnicas de estudo

Lembra que podes empregar dicionarios en liña como o da Real Academia Galega: <https://academia.gal/diccionario>

1. Busca no dicionario cantas definición's ten a palabra **pasta**.


- Escribe dúas desas definición's.

Coñece a lingua

2. Relaciona cada situación coa forma de comunicación.

- | | | |
|---------------------------------|---|----------|
| Escoitar un partido pola radio. | • | • imaxe |
| Saudar coa man a alguén. | • | • lingua |
| Falar por teléfono cun amigo. | • | • xesto |
| Parar nun semáforo en vermello. | • | • son |

3. Que queren dicir estes sinais?










4. Observa e contesta.



• En que debuxo non hai comunicación? Por que? _____

• Que forma de comunicación se utiliza no outro debuxo.

5. Escribe os seguintes substantivos por orde alfabética.

casa peite lapis galleta dicionario
 automóbil mesa botella vidro

1		4		7	
2		5		8	
3		6		9	

6. Subliña os grupos de palabras que están ordenados correctamente.

cafetera, frigorífico, lavalouza

sombreiro, bolsa, peite, colar

bolso, zapatos, chaqueta

árbore, fideo, flor, talo

7. Rodea no texto as palabras con maiúscula.

María e Cata viven cerca e van xuntas á escola. Algunhas tardes quedan para facer os deberes e xogar. María ten un gato que se chama Berto que lle gusta escapar á casa da veciña a comerlle as sardiñas.

Cando se escribe con maiúscula? _____

8. Copia o texto coas maiúsculas e puntos que faltan.

era unha vez dúas rapazas, xulia e claudia
a miúdo ían á biblioteca da rúa segovia e metían o nariz nos libros de aventuras; ían no cálido
silencio da biblioteca.

Roberto PIUMINI

Expresión escrita

9. Completa cos elementos que faltan do carné dun club deportivo que ti inventes.


Club Deportivo: _____

Nº de Socio: _____


Nome e apelidos: _____

Idade: _____ Categoría: _____

Selo e sinatura



10. Crea ti un carné para a biblioteca de aula ou dun club de xogo.

Club: _____	
Nº de Socio: _____	
Nome e apelidos: _____	
Idade: _____ Categoría: _____	
Selo e sinatura	

Literatura

11. Le este conto e contesta as preguntas.

Brais é un ogro que vive nun edificio, nunha cidade. Polas noites non podía durmir e pasaba as horas paseando arriba e abaixo contando ovellas. A pesar de ser un ogro grande e feo, era moi doce e amable, polo que os seus veciños non lle tiñan medo e querían axudalo pero non sabían como.

Un día chegou á cidade un home chamado Perucho, que sabía como curar o ogro. Sacou unha fruta do seu peto e mostrouna á xente:

—Que é iso? —preguntaron.

—É unha fruta máxica que coa súa melodía fai durmir os ogros —contestou Perucho.


• Como se chama o personaxe principal? _____

• Como é? _____

• Quen son os personaxes secundarios? _____

12. Escribe o comezo dun conto. Ten en conta o que comentamos na clase que non pode faltar: espazo, tempo e personaxes (debes explicar como son).

A continuación, fai un debuxo do teu conto.



LENGUA CASTELLANA. Repaso, refuerzo y ampliación.

Nombre: _____ Fecha: _____ Número: _____

Técnicas de estudio. Diccionario.

Recuerda que puedes emplear diccionarios online como el de la Real Academia Española:

<https://dle.rae.es/>

1. Busca estas palabras en tu diccionario, indica de qué clase son (sustantivo, adjetivo, verbo...) y cuál es su género (masculino o femenino). Luego, escribe las acepciones (significados) que consideres más habituales.

pluma

Clase de palabra y género : _____

Acepciones : _____

capa

Clase de palabra y género: _____

Acepciones: _____

ratón

Clase de palabra y género: _____

Acepciones: _____

Todas estas palabras tienen más de un significado, por eso decimos que son palabras

_____ .

Conoce la lengua

2. Relaciona cada sustantivo con el artículo que les corresponde: *el* o *la*.

- | | | |
|-------------|---------------------------------|-----------|
| viento • | <input type="text" value="el"/> | • cuerda |
| bicicleta • | | • cable |
| timbre • | <input type="text" value="la"/> | • pintora |
| abanico • | | • raíz |

3. Subraya los sustantivos en estas oraciones y clasifícalos.

- La hierba estaba mojada y el sol brillaba.
- Escribieron un poema sobre la amistad.
- El camaleón se escondía de la pantera.

Nombres femeninos	Nombres masculinos

4. Escribe estos nombres en plural.

- | | |
|------------------|------------------|
| • araña: _____ | • tambor: _____ |
| • pared: _____ | • caracol: _____ |
| • colchón: _____ | • lápiz: _____ |

5. Observa la ilustración. Luego, completa el texto con los signos de interrogación y de exclamación.

- __Vamos mañana al cine__
- __Qué buena idea__
- __Llamamos a César__
- __Genial__



Expresión escrita

6. Observa este mural y completa.

LOS _____ EN EL COLEGIO




_____ : Dos equipos de cinco jugadores. Hay que meter el balón en la canasta.



_____ : Dos equipos de once jugadores. Sin utilizar las manos, hay que meter el balón en la portería.



_____ : Conjunto de pruebas de velocidad, salto y lanzamiento.



_____ : Dos equipos deben pasar el balón con brazos o manos sobre una red y ponerlo en el campo del rival.

Comprensión lectora

Animales en peligro de extinción en España

En nuestro país existen algunos animales en peligro de extinción. Esto se debe principalmente a tres causas: la destrucción del hábitat de estos animales, la caza furtiva y la contaminación. Además, la incorporación de animales que proceden de otros lugares a nuestro país perjudica a los que viven aquí, ya que los desplazan a otros territorios o los eliminan.

Entre los animales en peligro de extinción en España se encuentra el lince ibérico. Este animal es el felino más amenazado del planeta. Solo sobrevive en libertad en dos lugares de la península ibérica: en Doñana y en la parte oriental de Sierra Morena. En total, tan solo quedan alrededor de 220.

Otros animales amenazados son: el atún rojo, el quebrantahuesos, el águila imperial ibérica, el lobo ibérico y el oso pardo. Este último es el más grande de nuestros mamíferos terrestres. Habita en dos zonas: en los montes Pirineos y en la Cordillera Cantábrica.

Completan la lista de animales en peligro en nuestro país: la foca monje, el urogallo cantábrico y pirenaico y el lagarto gigante de las Canarias, entre otros.



7. Responde a las siguientes preguntas.


- ¿Qué significa que un animal se encuentra «en peligro de extinción»?

- ¿Qué animal amenazado habita en Doñana y Sierra Morena?

- ¿Cuál es el mamífero terrestre más grande en España?

- ¿Qué animal de las islas Canarias se encuentra en peligro de extinción?

8. Escribe V si es verdadero y F si es falso.



La contaminación no afecta a la vida de los animales. ____

Sobreviven en libertad unos 220 lince ibéricos. ____

Traer animales de otros países beneficia a los que viven en España. ____

El águila imperial ibérica es un animal en peligro de extinción. ____

9. Une con flechas cada palabra con su significado.

- | | |
|-------------|--|
| furtiva • | • Situado al este. |
| pirenaico • | • Lugar apropiado para que viva un animal o vegetal. |
| oriental • | • Animal que pertenece a la familia del gato. |
| felino • | • Actividad que se hace a escondidas. |
| hábitat • | • Que habita en los montes Pirineos. |

Conoce la lengua

10. Une con flechas las palabras sinónimas.

- | | |
|---------------|---------------|
| confundirse • | • descansar |
| conocer • | • comer |
| reposar • | • equivocarse |
| molestar • | • saber |
| alimentarse • | • fastidiar |

11. Escribe un sinónimo* de cada palabra subrayada.

- En el campo hay un asno comiendo hierba. _____
- Felipe siempre estudia en su cuarto. _____
- Puso cara de asombro cuando lo saludé. _____
- Aquello estaba aseado y olía muy bien. _____

* Si no se nos ocurren sinónimos para una palabra, tenemos varias alternativas:

a) Buscar el significado de la palabra en nuestro **diccionario**; al final de la acepción, pueden aparecer sus sinónimos (sin.).

b) Buscar la palabra en un **diccionario de sinónimos**. Aquí os dejo un par de diccionarios de sinónimos online:

- Wordreference: <https://www.wordreference.com/sinonimos/>
- Sinónimo.es: <https://www.xn--sinnimo-n0a.es/>

Literatura

12. Lee atentamente este texto y responde a las preguntas.

Cuando yo nací no hice ninguna cosa de mérito, ni sucedió nada extraordinario digno de ser recordado. Me llaman Peluso; así, sin más. Estos días en la osera entra una luz tan intensa que daña los ojos. El viento se ha calmado un poco, como si estuviese fatigado de tanto resoplar. Solo viene de vez en cuando, en ráfagas furiosas, para recordarnos que no es un pelagatos. Rugido-Del-Cielo y Turbo se pasan el día retozando. Están inquietos. Da la sensación de que la osera les viene pequeña y necesitan nacer a otra mucho más espaciosa. Dice mamá que la primavera ha llegado y ya va siendo hora de que abandonemos la guarida. ¡Buf! Nacer otra vez por el agujero de la osera. Me entran escalofríos solo de pensarlo. Ella nos tranquiliza diciéndonos que estará con nosotros en todo momento. Parece que debemos emprender el viaje hacia el mar. Allí se reúnen todos los osos, las hembras con sus crías y los machos que buscan pareja. Las madres enseñan a sus cachorros a cazar y al mismo tiempo reponen fuerzas para pasar el largo invierno. Mamá-Nanuk se pone muy contenta cuando habla del mar.

Gloria SÁNCHEZ

Peluso

Edelvives

- ¿Quién narra la historia?

- ¿Quiénes son Rugido-Del-Cielo y Turbo?

- ¿Sobre qué trata la historia?

- ¿Qué otros temas crees que puede tratar el libro?

CIENCIAS DA NATUREZA.

Unidade 4. Os seres vivos. As plantas

Nome: _____	Data: _____	Número: _____
-------------	-------------	---------------

Comeza visualizando o vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=ru6rZnQg3eM>

Rodeados de seres vivos e seres inertes

1. Ordena as palabras de cada oración e escríbeas correctamente.

as funcións	seres	non realizan
Os	vitais.	inertes

As	vitais	nutrición,	son:
reprodución	e	funcións	relación

2. Completa as oracións coas palabras do recadro.

fungos	plantas	animais	bacterias
--------	---------	---------	-----------

- As _____ elaboran o seu propio alimento.
- Os _____ nacen de ovos ou do ventre da súa nai.
- Os _____ poden aparecer en forma de cogomelo ou de mofo.
- As algas e as _____ pertencen a outros reinos distintos aos anteriores.

A función de nutrición

3. Une os seres vivos co que necesitan para realizar a función de nutrición.

Sol, auga,
terra, aire

plantas

animais mortos

animais



As funcións de relación e reprodución

4. Marca con X que frases se relacionan coa función de relación e cales coa función de reprodución.

	Relación	Reprodución
Moitas plantas nacen de sementes.		
Os animais perciben sensacións mediante os órganos dos sentidos.		
Os animais ovíparos nacen dun ovo e os vivíparos, do ventre da nai.		
As raíces das plantas desprázanse cara á auga.		

5. Completa as seguintes oracións sobre as funcións de relación e reprodución.

- Os animais perciben sensacións mediante os órganos dos _____.
- As plantas relaciónanse de moitas maneiras: as raíces buscan a auga e as follas buscan a _____.
- A reprodución _____ necesita da unión de dous seres de diferente sexo.
- As estrelas de mar teñen un tipo de reprodución _____.





Como son as plantas?

6. Une cada tipo de folla co seu nome, elixindo entre os seguintes tipos de bordo e de forma.

aserrada

lobulada

enteira



acorazonada

lanceolada

redondeada

en forma de agulla

7. Nomea as partes da flor sinaladas.



Así funcionan as plantas

A fotosíntese

A diferenza dos animais, a maioría das plantas usa a luz para elaborar comida. Células especiais atrapan a luz do sol e úsana para producir azucres simples e osíxeno a partir de dióxido de carbono e auga. Este proceso coñécese como fotosíntese: a formación dun composto con axuda da luz.

Todas as plantas que usan fotosíntese conteñen un pigmento importante chamado clorofila, que dá color ás follas verdes.

[...]

A fotosíntese é importante non só para as plantas.

Sen ela, a vida animal nunca podería evolucionar nin continuar. [...]

As plantas de terra elaboran só o 10 % do osíxeno da Terra.

Gran parte del procede dunha enorme gama de algas

mariñas. Por iso, así como conservamos a terra, é necesario

que conservemos limpos os océanos. [...]



8. Que significa a palabra *fotosíntese*?

9. Numera as oracións seguindo a orde do proceso da fotosíntese.

___ O zume bruto ascende polo interior do talo ata as follas.

___ O zume elaborado repártese por toda a planta.

___ A planta absorbe auga e sales minerais do solo.

___ As follas toman o dióxido de carbono, que se mestura co zume bruto. Coa axuda do Sol, transfórmase en zume elaborado.

10. Completa os dous parágrafos coas palabras de cada recadro.

expulsan luz dióxido de carbono aire osíxeno día

As plantas para respirar toman do aire _____ e desprenden _____. Durante o _____, cando reciben _____ e elaboran o seu alimento, as plantas toman do _____ dióxido de carbono e _____ osíxeno.

xerminan flores sementes froito pistilo

Cando o gran de pole chega ao _____ dunha flor, esta transfórmase en _____, que contén _____ no seu interior. Cando as sementes caen á terra, se a humidade é suficiente, _____ e a partir deste proceso, crece unha nova planta. En primavera, a nova planta formará _____.

Como son as plantas?

O érbedo

O érbedo está considerado unha planta ornamental, que se adoita plantar nos parques e nos xardíns polo seu colorido e fortaleza.


É unha pequena árbore de folla perenne. As súas flores saen durante os meses de outubro a febreiro e poden ser de cor branco ou rosa. Pola contra, os seus froitos son de cor amarela, alaranxada ou vermella.

Para que crezan, as súas sementes seméntanse a principios do inverno.

Cos seus froitos pódense preparar ricas conservas, marmeladas e confeituras.



11. Procura imaxes de érbedos en libros, enciclopedias e internet e debuxa e colore a súa folla. Pon atención á súa forma e ao tipo de bordo e noméaos.



• Forma da folla: _____ .

• Bordo da folla: _____ .